

COMENTARIO DE TEXTO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE
MARZO 2019

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na primeira cuestión, para obter dous puntos, deberase identificar correctamente e con precisión o tema principal abordado no texto. Por identificar o tema correctamente pero dun xeito demasiado xeral poderase descontar ata 1 punto; se non se identifica o tema, a pregunta valorarase con cero.

Na segunda cuestión, para obter dous puntos, é preciso que o resumo teña unha extensión axeitada e conteña as ideas principais e secundarias que se tratan no texto. Se a extensión é impropia dun resumo, poderase descontar ata un punto; se no resumo hai aportacións personais ou ideas que non estean presentes no texto, poderase descontar ata un punto; se o contido non responde ao do texto, a pregunta valorarase con cero.

Na terceira cuestión, sobre a que recae o maior peso do exame, valorarase sobre todo a expresión das propias ideas e a relación destas co exposto no texto. Se o comentario non pasa de ser unha paráfrase do propio texto, non se calificará con máis de 3 puntos. O mesmo sucederá se o comentario é unha mera expresión de acordo ou desacordo, non argumentado, coas ideas expresadas no texto. Se o comentario se centra unicamente en ideas marxinais do texto ou se sae por completo do tema do texto, poderase valorar cun cero. A pregunta poderase valorar tamén cun cero se se aprecian no comentario graves lagoas no coñecemento do mundo, falta de criterio ou incapacidade para levar a cabo unha argumentación razoada.

Canto á expresión escrita, valorarase de xeito xeral a capacidade para expresarse con corrección nun rexistro culto na lingua (galego ou español) escollida polo alumno ou alumna. Os erros ortográficos (uso das letras, acentos gráficos, unión e separación de palabras, etc.) poderanse penalizar cun desconto máximo de dous puntos. Os erros no uso do léxico poderanse penalizar cun desconto máximo dun punto. Os erros que atinxan ao uso dos signos de puntuación, á construción das frases ou oracións e á ordenación lóxica das ideas do texto, e á adecuación do rexistro empregado poderán ser obxecto de descontos de ata tres puntos dependendo da gravidade dos erros e do moito que estes poidan dificultar a comprensión do texto producido polo alumno ou a alumna.